

## **RESUMO DA XUNTANZA DA PERMANENTE DA XUNTA DE PERSOAL DOCENTE DE PONTEVEDRA CO XEFE TERRITORIAL DA CONSELLERÍA CELEBRADA O MÉRCORES DÍA 23 DE SETEMBRO DE 2015, ENTRE AS 10 h. E AS 13.15 h.**

Asisten o Xefe Territorial, Inspector Xefe, Secretario e representantes de CIG, STEG, FETE-UXT, CSIF e ANPE. Desculpa inasistencia CC.OO.

A **Orde do Día** foi a seguinte:

### **1. Lectura e aprobación das actas anteriores de 27 de maio, 1 de xullo e 2 de setembro de 2015.**

Adiouse a aprobación definitiva destas actas ata unha vindeira xuntanza, na que haberá que tratar tamén a acta desta propia reunión.

### **2. Temas pendentes xuntanzas anteriores.**

#### **2.1. Estado das xestións sobre obras no CEIP Rubiáns de Vilagarcía**

STEG reclama unha solución á problemática existente, que pasa por sentarse a unha mesma mesa xa Concello de Vilagarcía, Comunidade educativa do CEIP Rubiáns, Deputación provincial e Xefatura Territorial da Consellaría para ver cales son as obras de reforma/arranxo que hai que emprender urxentemente no ximnasio (con base no Informe Técnico feito pola Unidade Técnica da Consellaría en maio) e como se reparte o custe desas obras, ou, en caso alternativo, se esa é a vontade do Concello e da Comunidade educativa, afrontar mancomunadamente coa Consellaría e a Deputación a construción dun novo pavillón polideportivo.

STEG considera un escándalo as falsas promesas de financiamento dun novo pavillón feitas en campaña electoral polo anterior presidente da Deputación, mais non entende tampouco a posición de negativa a sentarse de inmediato nunha mesa de diálogo por parte do Xefe Territorial para desbloquear a situación, porque as choivas da semana pasada trouxeron goteiras, co conseguinte perigo, ás actuais instalacións do ximnasio.

STEG entende que o dereito do alumnado dese colexio ten que primar sobre consideracións políticas e partidistas que poidan existir neste asunto e insta ao XT a convocar as partes con urxencia á procura dun acordo de financiamento das obras necesarias.

#### **2.2. Orde de avaliación e programación. Vai a CCEOU elaborar un guía? Cando?**

O XT, a pregunta de varias organizacións sindicais, confesa que non sabe aínda cando vai saír a Orde de avaliación de Primaria e reconece que non ten unha explicación plausíbel para tanta demora. Confesa que se ten dirixido en reiteradas ocasións ao *staff* da Consellaría para urxir esa

publicación.

Canto ao guía, estase estudando na Consellaría o emprego dunha aplicación informática, semellante á que xa existe para FP, que podería servir de apoio no proceso de elaboración das programacións. Reitera a oferta de charlas do CEFORE a demanda dos centros que o desexen e reitera o compromiso de certa flexibilidade nos prazos para a entrega das programacións que teñen que se adaptar á LOMCE.

### **2.3. Previsión de aumento de vacantes para implantación do 2º curso de FPBásica. Cantos grupos van funcionar?**

Todo o alumnado con praza en 1º de FPBásica no curso pasado ten praza agora no mesmo centro en 2º, agás algúns alumnos de Baiona, que en principio deben desprazarse ao Valmiñor.

### **3. Vacantes reclamadas polos centros e informe Torre-Illa.**

Descúlpase o XT por non ter enviado a relación de vacantes informadas á Permanente da Xunta de Persoal.

A seguir repásanse as demandas de vacantes formuladas para o IES Luís Seoane, o CEIP Pío Cabanillas de Dozón, o colexio de Souto-Donas (Gondomar), a EEI de A Modia, o CEP Carballeira, o CEIP Manuel García de Oia, o CEIP San Martiño de Pontevedra, o CEIP Varela Buxán, o CEIP de Randufe, o CEIP de Pontesampaio, o CEE Príncipe Felipe, o “Grupo” de Marín, o CEIP do Hío (Cangas), o colexio Raíña Aragonta de Salceda, o CRA de Meis, o colexio Torre-Illa de Arousa, o CEIP A Escardia, o colexio Fontescura de Vigo, o colexio de Firán-Teis, o CEIP Suárez Marquier, o Ricardo Mella de Vigo e a EEI de Berducedo (Moaña). Do ditame por parte de XT sobre cada unha destas vacantes demandadas informa vía email a propia Permanente da Xunta de Persoal aos centros implicados.

Abórdase por parte de CIG e STEG a problemática concreta que afecta ao colexio Torre-Illa, para rexeitar a negativa do XT a conceder finalmente o desdobre das aulas de 1º de Primaria, con 25 e 26 alumnos, respectivamente.

### **4. Imposición da materia de relixión nalgúns centros como alternativa ás materias de libre configuración.**

STEG formula a súa queixa sobre este particular, por canto a Administración crea situacións discriminatorias ao adxudicarlle 1 hora á materia de Relixión e non ofertar outra con esa mesma carga horaria.

No DOG nº 120 do 29/06/2015 publícase o DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, no que se concreta a implantación da LOMCE en 1º de BAC. Desde o STEG queremos denunciar que este

Decreto non garante a igualdade de oportunidades para o alumnado á hora de escoller materias, moi particularmente no caso do alumnado que non queira cursar a materia de relixión, reducíndolle a optatividade respecto ao alumnado que si a curse. Pódese dar tamén, directamente, que o alumnado se vexa forzado a escoller esta materia de relixión se desexa cursar algunhas materias concretas (o que soe ser habitual, por ter o bacharelato un forte carácter de especialización).

A explicación de como pode ser isto posible sen vir enunciado explicitamente así no decreto agóchase detrás de dúas decisións tomadas arbitrariamente desde a Consellaría de Educación. Explicamos brevemente o recollido no Decreto, xa que a redacción do mesmo impide detectar esta situación ata que, como ten acontecido, se elaboran as follas de matrícula do alumnado a partir das instrucións recollidas no decreto. No artigo 30 do decreto recóllese que todo o alumnado de bacharelato ten que cursar 6 materias troncais (algunhas con carácter obrigatorio -Filosofía, Lingua Galega, Lingua Española, Idioma estranxeiro- e outras que dependen da modalidade e o itinerario que se escolla de bacharelato). Ata aquí - puntos 1 ao 3 do artigo 30- non hai ningún problema...

O problema vén no punto 4 b, onde se explica que o alumando debe cursar entre dúas ou tres materias dunha listaxe de materias que poden ser de 4, 3, 2 ou 1 hora semanal. A suma total de horas semanais entre estas materias debe ser 6. As combinacións posibles son, xa que logo, 4+2, 3+3, 2+2+2 e 3+2+1. Nesta última posibilidade é onde aparece o efecto discriminatorio. Xa resulta un tanto arbitrario determinar as razóns polas que unhas materias teñen máis número de horas ca outras. Mais a causa da discriminación de facto que denunciámos deriva de que a única materia de 1 hora que se oferta obrigatoriamente por orde da Consellaría é a de Relixión, o que obriga ao alumnado que elixa cursar unha materia de 3 horas e outra de 2 a completar o seu "cupo" de 6 horas collendo Relixión, xa que a administración educativa non garante ao alumnado a oferta doutra materia alternativa de 1 hora semanal. Vexamos exemplos na modalidade de Ciencias... Unha alumna que queira escoller Tecnoloxía Industrial (3 horas) e TIC (2 horas), tería que coller obrigatoriamente a materia de Relixión para completar o cupo de 6 horas. A Consellaría non ten feito nada para garantirlle a oferta de unha alternativa á relixión...

Idéntica situación se produce coas demais modalidades de Bacharelato.

A Xunta ten que explicarlle á sociedade por que ao legislar sobre materias de libre configuración autonómica - como son Antropoloxía, Robótica ou Literaturas Hispánicas - non lexislou unha materia alternativa á Relixión de idéntico status e carga horaria - de 1 hora semanal e integrada no bloque de materias específicas -, como lle demandou xa o STEG na fase de alegacións ao decreto, meses atrás, o que tería impedido que esta situación se producise.

Para o STEG só existen dúas respostas posibles a esta pregunta: a primeira, "a menos mala", é a ineptitude á que nos ten afeita esta

Consellaría; a segunda, gravísima, é o desprezo absoluto desta administración por un dereito básico garantido en todo o noso ordenamento xurídico: a non discriminación por razón de relixión. De tratarse dunha situación que a Consellaría non contemplou, debe rectificar inmediatamente este erro. De non recoñecer o mesmo, o STEG estuda emprender accións legais que contribúan a mellorar o xa abultado récord de sentenzas condenatorias que ostenta a actual administración educativa.

Para o STEG resulta intolerable a resposta da administración ante a nosa denuncia, na que opta unha vez máis por apelar á tan manida “autonomía dos centros”, xa que, argumenta, estes poden ofertar as materias alternativas que consideren. A falacia deste argumento - ademais do indignante que resulta a interpretación que a Consellaría fai do concepto de “autonomía dos centros” - é que esquece que é obriga da administración velar polo respecto aos dereitos fundamentais do alumnado e que este valor, como non pode ser menos, é superior ao da autonomía dos centros.

A administración que non legisla para garantir un dereito nin garante aos centros os medios humanos necesarios para cubrir a posible demanda, atrévese a responsabilizar aos centros do resultado último? Garante a administración, poñamos por caso, que 4 alumnas e alumnos que non queiran cursar Relixión poderán cursar a alternativa que se oferte aínda que o grupo sexa reducido? Ou obrigará ao alumnado a renunciar ás súas optativas?

Mesmo no caso de que os centros acorden ofertar algunha materia de 1 hora como suxire a administración, de non tratarse de contidos alternativos á relixión senón outra materia calquera, seguiríamos a ter unha situación discriminatoria, por poder o alumnado que acepte a relixión na escola escoller entre dúas materias de 1 hora, mentres que o alumnado que non acepta a relixión só podería escoller unha.

Xa que logo, mírese como se mire, a conclusión é sempre a mesma: discriminación. Non é un resultado sorprendente, se temos en conta que o decreto susténtase sobre a mesma premisa falsa introducida pola LOMCE: que a Relixión é unha materia máis, como outra calquera, como se a este país non tivese chegado aínda a Ilustración...

## **5. Rolda de intervencións.**

ANPE demanda que se unifiquen criterios sobre os conceptos “sesións” e “horas”.

ANPE formula a súa queixa pola cesión dun espazo escolar en Arbo para a celebración no verán dun concerto de rock, onde se fixo propaganda e consumo de determinadas sustancias e se exhibiron determinados símbolos políticos.

ANPE pregunta sobre os criterios que se barallan á hora de adxudicar a un centro determinadas modalidades do Bacharelato.

FETE pregunta sobre o amparo legal que pode ter que en determinados centros escolares se estean a facer nomeamentos de “coordinación de ciclo” e se estean a facer reducións de horario por ese concepto. O XT reposta que o amparo legal é ningún, porque legalmente xa non existe ese posto.

STEG pregunta sobre o amaño das deficiencias na rede de conexión informática no IES A Basella, de Vilanova de Arousa.

STEG pregunta sobre a previsión de libramento orzamentario de 7.000 € e comezo de obras de insonorización do pavillón deportivo do IES A Basella, de Vilanova de Arousa.

STEG solicita envío inmediato de equipos informáticos ao colexio de Armenteira (Meis), vítima dun roubo durante o verán que o deixou sen apenas material na aula correspondente. STEG agradece a prontitude do XT en enviar tres portátiles ao centro para poder comezar o curso, mais solicita que se bote man de recursos que poida haber no almacén da Consellaría para dotar sequera provisoriamente de ordenadores usados ese centro mentres non poidan repoñerse uns de tanta calidade/actualización como os que foron roubados.

STEG pregunta pola circular que está enviado aos centros unha determinada empresa privada para reclamar o pagamento dun canon por uso nos centros de material audiovisual e esixe da XT o envío dunha circular aos centros con instrucións claras e precisas sobre se debe facerse caso ou non a esa circular, que STEG considera intolerábel.

STEG fai referencia á problemática que un ano máis se está a dar no seo dos Conservatorios, pola adscrición de persoal de Secundaria de Música a eses centros, en detrimento das listas de interinidade específicas para ese tipo de centros e solicita que a Consellaría arbitre solucións inmediatas para evitar que cada comezo de curso reborte este conflito de intereses.

CIG pregunta pola posibilidade de concesión dun segundo xefe de estudos para o IES Castro Alobre, de Vilagarcía de Arousa. O XT nega que exista amparo legal para ese nomeamento.

CIG pregunta sobre a obriga dos Departamentos de Orientación de elaborar informes para acompañar as solicitudes de bolsas de estudos para alumnado con n.e.a.e. O XT responde que é un traballo que entra dentro das súas funcións e que beneficia a moitas familias, pois desde o ministerio reclaman esa documentación e ralentizan a resolución das solicitudes que carecen dese informe.

O Xefe Territorial informa á Permanente da Xunta de Persoal, como é preceptivo, sobre a imposición dunha sanción por falta grave, logo do correspondente expediente, de tres meses de suspensión a unha profesora da EOI de Vilagarcía de Arousa, por falta de rendemento no traballo.

Non habendo máis asuntos que tratar, levantouse a sesión.

A vindeira xuntanza da Permanente da Xunta de Persoal co Xefe Territorial de Pontevedra márcase, en principio, para o mércores 21 de outubro ás 10 horas. A Permanente reunirase o 7 de outubro para elaborar a orde do día desa xuntanza.